




Programa galego de  
detección precoz do  
**cancro de mama**



**Anticiparse**

*pode  
salvar vidas*

XUNTA DE GALICIA



## ¿Que é o cancro de mama?

**O cancro de mama é un tumor maligno que aparece no peito.**

As células cancerosas medran e poden invadir e danar os tecidos e órganos próximos. Tamén poden entrar na circulación e formar outro tumor noutra parte do corpo.

O cancro de mama é unha enfermidade que afecta xeralmente ás mulleres, aínda que algúns homes tamén o poden padecer.

## ► ¿Por que aparece?

Na actualidade **non se coñece cal é a causa** do cancro de mama.

**O risco** de padecer un cancro de mama **aumenta coa idade**. O risco tamén se incrementa naquelas mulleres que xa tiveron un cancro de mama e aquelas con familiares directos que teñan ou tiveron esta enfermidade. Aínda así, a maioría destas mulleres con risco aumentado nunca terán cancro de mama.

## ► ¿Con que frecuencia aparece?

O cancro de mama **é o máis frecuente entre as mulleres**. A terceira parte dos cancros que se diagnostican na muller son cancros de mama. Aproximadamente unha de cada 13 mulleres desenvolverá un cancro de mama antes dos 75 anos.

O cancro de mama é un dos cancros que permiten que as mulleres que o padecen vivan máis tempo se o comparamos con outros tipos de cancro, sobre todo en mulleres nas que se detecta cando aínda está empezando a medrar. Neste caso, é máis doado de curar e o tratamento pode ser menos agresivo e con menos efectos secundarios.

## ► ¿Que pode facer vostede?

Na actualidade non se coñece a forma de evitar que apareza o cancro de mama, pero hai algunhas cousas que pode facer para detectalo cando está empezando a medrar:

○ **Se nota algún cambio non habitual nos seus peitos ou axilas** : vultos, dor, que saia líquido polo bico do peito (mamila), inchazón ou cambios na pel, é conveniente que **acuda ao seu médico**. Pódese deber a moitas razóns, pero é aconsellable que o consulte.

○ Ademais, **se a súa idade está entre os 50 e os 69 anos**, o Programa galego de detección precoz do cancro de mama ofrécelle a posibilidade de **realizar unha mamografía de cribado** gratuíta cada dous anos.

## ► **¿Que é unha mamografía de cribado?**

A mamografía de cribado **é a que se lles fai ás mulleres que non teñen síntomas**. É a proba **máis eficaz** para detectar un posible cancro de mama de pequeno tamaño que está empezando a medrar. Aínda así, **non é unha proba definitiva**. Ás veces a mamografía non consegue detectar este tipo de cancros e outras veces unha mamografía con sospeita de cancro resulta non ser cancro.

Para poder detectar tumores de pequeno tamaño, é necesario **repetir a mamografía cada dous anos**.

A finalidade é diagnosticar o cancro o antes posible para **diminuír as posibilidades de morrer** por esta enfermidade. Permite, ademais, que os tratamentos sexan menos agresivos e con menos efectos secundarios.

## ► **¿Como se fai unha mamografía?**

**Realízase cun aparato especial de raios X** para a mama. Trátase dunhas simples radiografías que producen unha irradiación moi pequena. Xeralmente realízanse **dúas radiografías de cada mama**.

É unha **proba sinxela, rápida e case sempre indolora**. Para que a radiografía sexa de boa calidade, é necesario apertar a mama espida entre dous soportes durante uns segundos. Nalgunhas mulleres pode provocar algunha dor ou incomodidade, en especial naquelas que realizan a mamografía nos días previos á menstruación.



▶ ¿Que é o  
Programa galego de  
detección precoz do  
**cancro de mama?**

É o programa que se organizou para ofrecerlles a **todas as mulleres de 50 a 69 anos residentes en Galicia** a posibilidade de faceren unha **mamografía de cribado gratuíta cada dous anos**.

**O seu obxectivo é reducir a mortalidade** por esta enfermidade. Desenvólvese desde a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade, en colaboración co Servizo Galego de Saúde.

- **Non ten** ningún **custo** para vostede.
- **Cada dous anos** envíalle unha carta persoal ao seu domicilio cunha cita na que se lle indica o lugar, día e hora para realizar as mamografías nunha unidade do programa.
- Pon un **transporte gratuíto** en autobús á disposición das mulleres residentes naqueles concellos que estean afastados ou que teñan vías con dificultade para chegar á unidade de mamografía. De ser este o caso, recibe esta información coa carta de cita.
- **Persoal técnico especializado en radioloxía** realízalle as mamografías, dúas en cada mama. É posible que por algún fallo técnico tivese que repetir algunha das mamografías, ben nese mesmo día ou máis adiante. Neste último caso o Programa envíalle unha nova carta de cita.
- As **mamografías** son **revisadas** sempre **por dous radiólogos especializados**, para obter unha maior seguridade no resultado.
- O Programa envíalle o **resultado** das mamografías **por carta**.
- No caso de que sexa necesario facer máis probas para chegar a un diagnóstico, o Programa facilítalle unha **consulta especializada nun hospital da rede pública** do Servizo Galego de Saúde, próximo ao lugar onde vostede vive. Esta consulta comunícaselle na mesma carta de resultados.
- No caso de que necesite tratamento e vostede non teña dereito a asistencia polo Servizo Galego de Saúde, este realízase con cargo ao seu seguro sanitario.

## ▶ ¿Cales son os posibles resultados da mamografía e como se comunican?

Unha vez feita a mamografía, os tres posibles resultados son:

### — **Que non se atope ningún signo de malignidade.**

Isto sucédelles a 970 mulleres de cada 1.000 que fan unha mamografía. Esta información envíaselle por carta no prazo máximo dun mes. Se antes da seguinte invitación ao Programa nota algunha anormalidade nas súas mamas, debe acudir ao seu médico.

### — **Que sexa conveniente ampliar o estudo para acadar un resultado definitivo.**

Isto sucédelles a 27 mulleres de cada 1.000 que realizan unha mamografía. Neste caso o programa facilítalle unha cita no hospital. Este feito indícase na carta de resultados. Na maioría dos casos, as probas consisten noutra mamografía ou nunha ecografía. En 5 mulleres de cada 1.000 que fan unha mamografía, cómpre coller un anaquiño do tecido do peito (biopsia) para comprobar se é un cancro. Finalmente, tan só en 3 mulleres de cada 1.000 que efectúan unha mamografía no Programa se diagnosticará un cancro de mama.

### — **Que sexa conveniente repetir as mamografías no prazo dun ano para comprobar que non haxa cambios.**

Isto sucédelles a 3 mulleres de cada 1.000 que realizan unha mamografía. O Programa volverá a citala por carta nese prazo.



## ► ¿Que **vantaxes** ten participar no Programa?

O Programa **detecta cancros en estadios iniciais** e, polo tanto, **aumenta a probabilidade de facer un tratamento menos agresivo e con mellores resultados**.

As mulleres que son diagnosticadas dun cancro de mama polo Programa teñen menos risco de faleceren por este cancro que aquelas da mesma idade que se diagnostican fóra deste. De cada 1.000 mulleres de 50-64 anos nas que se detecta cancro de mama no Programa, 927 continúan vivas aos 9 anos de seguimento, mentres que se o diagnóstico é fora do Programa esta cifra é de 788.

Ademais, este é un Programa organizado no que traballan profesionais especialmente formados e onde se avalían de forma continua todos os procesos para garantir a súa calidade. A satisfacción que se acada entre as mulleres que participan no Programa é moi elevada.

## ▶ ¿Que **inconvenientes** ten participar no Programa?

Facer unha mamografía **pode resultar incómodo** ou algo doloroso para algunhas mulleres, aínda que esta molestia é momentánea.

Ao facer unha mamografía, recibirá **radiación**, pero é **moi baixa**. Ademais, o Programa conta cun sistema de control de calidade dos equipos de mamografía para garantir que a dose que recibe é a mínima posible.

Nalgunhas ocasións a mamografía non é suficiente para facer un diagnóstico e algunhas mulleres teñen que realizar outras probas. Na maioría dos casos, estas probas descartan a existencia dun cancro (27 mulleres de cada 1.000 que fan unha mamografía no Programa deben efectuar estas probas, en 24 delas descártase a presenza do cancro). Este é un bo resultado para a muller, pero o feito de realizar **probas complementarias** pódelle producir **certo grao de ansiedade**.

**A mamografía non é unha proba definitiva**; nunha muller de cada 1.000 que fan unha mamografía o resultado é negativo, pero antes de dous anos diagnósticaselle un cancro de mama. Nalgún caso porque o cancro se desenvolve nese período e noutros casos porque non se viu na mamografía.

Algúns cancros de mama non medrarán nunca e non sería necesario tratalos. Son moi poucos, mais non é posible diferenciarlos dos cancros que si medrarán. O Programa detectaralles algúns cancros deste tipo e **algunhas mulleres recibirán un tratamento que non era necesario**.

# ¿Como pode contactar co Programa?

No teléfono de atención ás usuarias do  
Programa galego de detección precoz  
do cancro de mama

▶ 981 14 14 14

Pode utilizar este teléfono:

- Se ten entre 50 e 69 anos e non recibiu a carta de cita.
- Se cambiou de domicilio recentemente.
- Se non ten tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Saúde.
- Se pasaron máis de dous anos desde que realizou a última mamografía e non foi citada.
- Se necesita cambiar o día ou a hora da súa cita.
- Cando non reciba o resultado da mamografía nun prazo de 30 días.
- Se necesita algunha outra información.

Tamén pode contactar co Programa por  
endereço electrónico

▶ [pgdpcm.dxsp@sergas.es](mailto:pgdpcm.dxsp@sergas.es)

Se quere ampliar esta información, pode consultar a páxina web da

## **Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública**

[http://www.sergas.es/MostrarContidos\\_N2\\_T01.aspx?IdPaxina=61514](http://www.sergas.es/MostrarContidos_N2_T01.aspx?IdPaxina=61514)

Para calquera suxestión, dispón de impresos nas propias unidades de exploración e nos servizos de atención ao paciente dos hospitais. Todos os datos obtidos da participación das mulleres no Programa son tratados de forma confidencial atendéndose á Lei de protección de datos de carácter persoal (LOPD). O Programa segue as recomendacións do Consello Europeo e do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade.



Programa galego de  
detección precoz do  
**cancro de mama**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE SANIDADE